



DECRETO. Aprobación das Bases de participación no concurso “Sada Le”. Día Internacional do Libro. 23 abril 2018

Logo de ver a proposta efectuada pola Concelleira Delegadas de Educación, Xuventude e Saúde con data 22 de febreiro de 2018, pola que solicita a aprobación das Bases de participación no concurso “Sada Le” con motivo da celebración do Día do Libro, **RESOLVO:**

Primeiro: Prestar aprobación ás citadas Bases.

Segundo: Ordenar a súa publicación na paxina web do Concello, nos taboleiros informativos do Concello e na Oficina da Xuventude.

CONCELLO DE SADA

Concellaría de Educación, Xuventude e Saúde

DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO (23-Abril-2018)

BASES CONCURSO “SADA LE”

A Concellaría de Educación, Xuventude e Saúde do Concello de Sada convoca o 3º Concurso municipal “**Sada Le**”. O obxectivo desta iniciativa é fomentar a lectura entre a veciñanza do municipio e a comunidade educativa.

1. TEMÁTICA DO CONCURSO

Ademáis deste concurso “SADA LE” con motivo da celebración do Día Internacional do Libro, o **domingo 22 de abril** queremos organizar unha mañá literaria dende as 11.30 até as 13.30 h., ubicada polo centro urbano de Sada. Diferentes personaxes literarias recoñecibles mundialmente estarán interactuando cos veciños e veciñas de Sada, visibilizando a importancia da lectura nas nosas vidas como algo cotiá e que enriquece a nosa imaxinación. Para o desenvolvemento desta iniciativa facilitarase un mapa orientativo no que se delimitará a zona pola que se moverán estas personaxes e que se poderá recoller na OMIX dende o luns 16 de abril e ata o venres 20, descargar na web municipal e no Facebook @omix.sada.

2. PARTICIPANTES

Establécense dúas categorías neste concurso:

1ª Categoría: Público en Xeral, veciños e veciñas do concello

2ª Categoría: Público Escolar, alumnado dos centros escolares do municipio nas ensinanzas de Infantil e Primaria: C.E.I.P de Mondego, C.E.I.P. O Mosteirón, C.E.I.P. Sada e Contornos e E.I. Carnoedo.

3. FORMA DE PRESENTACIÓN E PRAZO DOS TRABALLOS

- **1ª Categoría:** Fotografía (selfie) con algunha das personaxes literarias que estarán na mañá do domingo 22 por Sada. Máximo unha fotografía por personaxe.

As fotografías deben estar en formato JPEG e non superar os 2 MB.

Enviaranse ao correo omixsada@gmail.com dende o mesmo día e ata o **27 de abril**.

As fotografías presentadas deberán identificar o título do libro da personaxe tomando como referencia o lema deste concurso municipal “Sada Le”. Por exemplo, “Sada Le El Quijote”, seguido do nome, apelidos, idade, teléfono e correo electrónico.

Identificar o libro da personaxe será requisito imprescindible para optar ao premio.

- **2ª Categoría:** o alumnado dos centros educativos de Sada presentarán un debuxo, fotografía, imaxe, conto... da súa personaxe literaria favorita ou do que significa a lectura nas súas vidas. Na parte posterior do traballo debe constar nome do/a alumno/a, idade así coma o centro escolar e aula á que pertence. (Máximo 1 traballo por alumno/a)

Os traballos entregaranse ás/aos mestres/as da aula que corresponda entre o 16 e o 20 de abril.

4. PUBLICACIÓN DOS TRABALLOS

Na páxina web do Concello de Sada www.concellodesada.com e nas redes sociais públicas a Concellaría de Xuventude, Educación e Saúde reservarase a posibilidade de habilitar un espazo para o concurso “SADA LE” no que se colgarán as fotografías enviadas polos/as concursantes da primeira categoría e onde se publicarán os traballos gañadores de ámbalas dúas categorías, sempre que a técnica empregada o permita. Da mesma maneira a concellería poderá facer unha pequena selección dos traballos presentados e realizar unha exposición.



5. COMPOSICIÓN DO XURADO E CRITERIOS DE VALORACIÓN

1ª Categoría: As fotografías presentadas, cumprindo os requisitos especificados, entrarán a participar no sorteo do premio estipulado no artigo 6. A numeración para o sorteo será por riguroso orde de recepción.

2ª Categoría: A comisión encargada de valorar e decidir sobre os traballos estará constituída por un representante docente dos centros de ensino municipais. Para a valoración, a Comisión terá en conta os seguintes criterios:

* Calidade e orixinalidade do traballo segundo os obxectivos do concurso elevando proposta á Alcaldía co resultado da valoración efectuada.

6. OUTORGAMENTO E ENTREGA DE PREMIOS

Na semana do 7 ao 11 de maio farase público a relación de gañadores do concurso na paxina web do concello: www.concellodesada.com no apartado "Sada Le" e as indicacións para a recollida do premio.

Haberá un premio por cada categoría:

1ª Categoría: Libro electrónico + lote de libros

2ª Categoría: Lote de libros para todos os centros educativos participantes, outro lote de libros para o alumno/a gañador/a e unha tablet para o centro educativo ao que pertenza dito alumno/a.

No caso de que os premios quedaran desertos, sortearanse entre os centros educativos que tiveran participado nesta iniciativa Sada Le 2018.

7. ACEPTACIÓN DAS BASES E DEREITOS DE AUTOR

Co obxectivo de difundir esta campaña en vindeiras convocatorias e tamén garantir os principios de transparencia, accesibilidade da información e veracidade (artigo 2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno), recolleranse gravacións en video e fotografías das persoas participantes na mañá do **22 de abril** interactuando cas personaxes, as cales poderán ser empregadas para noticias contidas en xornais, publicacións e mesmo divulgadas tanto a través de servizos da sociedade da información como na páxina web do Concello de Sada. A participación no concurso supón a aceptación das presentes bases.

O Concello de Sada adquire os dereitos de reprodución, explotación e exposición das obras que se presenten. Non obstante, comprométese a devolver os traballos non premiados a petición dos interesados/as antes do 26 de maio do 2018.
